



Concello de Mazaricos

Asunto: Nomeamento do persoal seleccionado no proceso selectivo PEL-CONCELLOS- 2024

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Mediante Decreto con data de 06 de xuño de 2023, esta Alcaldía convocou un procedemento público para proceder a selección de TRES PEÓNS CONDUTORES (3) para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Mediante Decreto do día 6 de maio de 2024 apróbase a listaxe definitiva de admitidas/excluídas no citado proceso selectivo e convócase aos membros do tribunal encargado da avaliación da proba práctica e dos méritos presentados polos candidatos/as para o día 21 de maio de 2024.

Visto que o tribunal cualificador formulou, con data 21 de maio de 2024, unha proposta das persoas candidatas que acadaron a maior puntuación para o seu nomeamento, así como unha lista de reserva.

Visto o informe emitido polos servizos de Intervención pública municipal en data 28 de maio de 2024.

Visto o establecido nas bases do programa PEL-CONCELLOS 2024 que recolle a obriga da formación en materia de prevención de riscos laborais según o establecido na lexislación laboral vixente.

Visto que todos os candidatos propostos achegaron en tempo e forma a documentación a que se refire a Base 10ª da convocatoria.

Pola presente, RESOLVO:

Primeiro.- Solventar o reparo formulado pola Intervención municipal en data 28 de maio de 2024 e, en consecuencia, efectuar o correspondente nomeamento do persoal para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (programa PEL-CONCELLOS 2024) que figura como anexo a esta resolución dándolle publicidade a través da sede electrónica do Concello de Mazaricos.

Segundo.- Establecer como data de inicio dos contratos e altas na Seguridade Social o día 01 de xuño de 2024.

Terceiro.- Designar como período de formación en materia de prevención de riscos laborais o días de inicio da relación laboral, en función da dispoñibilidade de formador/a.

ANEXO: NOMEAMENTOS E LISTADO DE RESERVA

Praza de peón condutor

- Miguel Barrul Hernández
- José Carlos Antelo París
- Jesús Eduardo Gallardo Sanmartin



Concello de Mazaricos

Candidatos en lista de reserva:

- Jaime Cives París
- Jesús Manuel Vilas Trillo
- José Luis Novo Iglesias